

Andrea Porto: “A música é o prisma de cores a través do cal vexo o mundo que me rodea”

Carlos Loureiro Rodríguez 15 de Decembro de 2015

<https://www.noticieirogalego.com/andrea-porto-a-musica-e-o-prisma-de-cores-a-traves-do-cal-vexo-o-mundo-que-me-rodea/>

Andrea Porto Mato (A Estrada, 1989). Xove poeta -inda que tamén cultiva a narrativa- que comezou a súa andaina literaria nos “Premios Minerva” organizados polo Colexio Peleteiro. O seu primeiro gran recoñecemento foi coa obra *Eco in aeternam* (Premio “O Grelo”). Un ano máis tarde proclamouse gañadora do XIVº “Premio Avelina Valladares de Poesía” coa obra *SalGada*. Recentemente o seu poemario *Caleidoscopio* acaba de ver a luz tras gañar o IIIº “Premio de Poesía Xosé Manuel Ardeiro”.

Amiga Andrea, cando comezou a pluma de Andrea a deseñar, a imaxinar versos-literatura? Que circunstancias xeraron esta forte inclinación?

O certo, querido Carlos, é que dende ben pequena sentín unha forte atracción pola literatura que, para unha rapaza coma min e coma moitas, era algo ben sinxelo e cotián: ler e escribir. Quero dicir con isto que, grazas á inocencia coa que nos agasalla a infancia, comecei a desfrutar do pracer da lectura e de inventar historias sen ser plenamente consciente do que me acontecía e da súa futura repercusión na miña vida.

E claro que os primeiros recoñecementos viñeron dados polo “Minerva”, un premio que consideramos trampolín entre as primeiras experimentacións e futuras obras poéticas maiores... Que se sente ao ter nas túas mans o teu primeiro recoñecemento e ao mesmo tempo en papel?

Ben, a sensación de ver publicado o teu traballo é sempre marabillosa. Porén, o meu primeiro libríño colectivo foi o da IX edición do Certame de Relato Curto “Varela Buxán”. Lémbroo porque, como ben dis, foi o primeiro e por tanto foi e segue sendo especial. Un libríño vermello co que me agasallaron nun día das letras no Concello de Lalín. Posteriormente, chegaron outros recoñecementos como o Ánxel Casal ou o Minerva. Este último resultou ter un sabor especial dada a miña relación co Colexio M. Peleteiro, organizador deste certame de longuíssima

traxectoria e que leva servindo, como ben apuntas, dende fai anos, de trampolín para numerosos creadores en lingua galega.

Ti mesma tes dito que a túa vida viaxa entre “notas, palabras e acordes”... Que supuxo, e supón, a arte musical para as túas palabras, para os teus versos?

A música é a miña forma de vida, é a miña profesión e ao mesmo tempo unha das miñas principais afeccións. Resúltame imposible pensar como sería eu se non tivese cantado, tocado e bailado como fixen ata o momento. Tendo en conta isto, tampouco podo imaxinar como escribiría se non estivese a música tan presente na miña vida.

Nos meus primeiros libros, *Eco in aeternam* e *SalGada*, a música está presente dun xeito explícito, sendo no segundo deles un dos eixos temáticos que van tecendo o poemario. En *Caleidoscopio*, fuxín desa presenza musical explícita para dar paso a outras experiencias. Aínda así, a música é o prisma de cores a través do cal vexo o mundo que me rodea polo que, dun xeito ou outro, a música sempre está presente no que escribo.

Pero imos máis alá... a túa vida é un conxunto de circunstancias que levou a que toda idea primixenia fose derivada de camiño (deporte, música, literatura...). “Eu son eu e as miñas circunstancias”, como diría Ortega y Gasset, non?

Obviamente, todo o que son e o que fixen vén dado, dalgún xeito, por todas as vivencias que me acompañaron ao longo da miña infancia e adolescencia, tanto no eido musical e literario, dos que xa falamos, como noutros ámbitos da miña vida como o deporte ou a relación cos amigos e a familia. Penso que merece unha especial mención esta última dada a destacada labor de meus pais, Luís e Rosa, para facer de nós o que somos hoxe en día. Digo nós, porque non podería entenderme sen miñas irmás, Lara e Marcela, coas que comparto, non só a paixón pola música e a literatura, senón todo o que me rodea. A elas, vai adicado o último libro, por agardarme, sempre, tras cada xiro do caleidoscopio.

Ti soes traballar abondo cos sentidos (oído-música, pintura-vista, tacto...). Que ten a túa obra de toda esta sinestesia?

Persoalmente, paréceme que esa posibilidade de interconectar os sentidos é marabillosa. Un dos primeiros recordos que teño sobre a poesía é un poema de Pimentel que fala dun “fagot de nocés”. Supoño que ese poema foi o que fixo “clic” na miña cabeza servindo como punto de partida nese camiño de procura sinestésica. No eido da música tamén me sinto moi atraída pola teoría de Skriabin sobre as cores na música. Este compositor ruso gabábase de poder “oír cores” e eu, dalgún xeito, sempre sentín ese tipo de conexións, por iso, á marxe da intención literaria, que obviamente tamén está presente, simplemente polo que me afectan e me atraen, este tipo de relacións adoitan aparecer nos meus textos.

Sempre falamos de que en lírica son máis que importantes os premios para unha futura publicación... Non cres que apenas temos certames que conleven publicación e que a maior parte deles son efémeros?

Supoño que toda axuda é pouca. Persoalmente, os certames e premios brindáronme a oportunidade de publicar os meus traballos, igual que lle aconteceu a outros creadores e creadoras noveis, polo que creo firmemente no papel que xogan este tipo de iniciativas para promover a cultura e a creación. Porén, penso que o verdadeiro quid da cuestión é que non existe un público amplo lector de poesía. De habelo, a demanda de textos poéticos favorecería

a ampliación do mercado editorial máis ligado á poesía e sería, por tanto, e tal e como ocorre actualmente con outros xéneros, máis doado publicar que na actualidade.

Falabamos antes da emoción de ter nas mans uns primeiros recoñecementos... Ah, e cando nestas mans se presenta publicada unha obra completa de teu como foi *Eco in aeternam*?

A verdade é que foi unha verdadeira sorpresa e unha alegría inmensa. Con só 19 anos, grazas á “Fundación Amigos de Galicia” e a convocatoria do seu Premio “O Grelo”, puideron ter entre as mans o librito no que se recollía o meu primeiro poemario, escrito o ano anterior, *Eco in aeternam*.

Sen embargo temos un premio que non recibe o tratamento pertinente pero que ao longo das súas existencia e especialmente nos dez últimos anos deu á nosa lírica un verdadeiro elenco de poetas nov@s, e estamos a falar do “Avelina Valladares” ...

Si, concordo contigo. O Avelina Valladares, vén servindo de plataforma de lanzamento dende fai xa anos a moitos poetas, e sobre todo moitas poetas novas, que hoxe en día continúan desenvolvendo un importante labor no eido da poesía. É o caso de Olalla Cociña, promotora dos concorridos recitais poéticos “Picaversos”, a fantástica María Lado, que emprega o seu inesgotable talento para achegar a poesía a todos os públicos, ou Celia Parra, centrada actualmente no eido da videocreación e o desenvolvemento do seu proxecto “Versogramas”.

E falando deste último certame, no 2010 a túa obra *SalGada* resultou gañadora... que supuxo para ti este recoñecemento?

O Avelina Valladares é un dos premios que gardo con máis agarimo. Sendo como son da Estrada non podería ser doutro xeito. Sempre din que un non é profeta na súa terra, pero neste caso, eu tiveron a sorte de ver recoñecido o meu traballo no meu concello. E non só iso, grazas ao certame, puideron ver publicado este poemario, *SalGada*, que para min tamén é moi especial, xa que foi escrito nun momento vital que serviu ao tempo de transición, de punto e final e punto de partida.

Nesta túa obra *SalGada* vemos un poemario repartido entre o líquido, o sólido e o gasoso... mais este último apartado gaña ben espazo... que aporta a atmosfera á túa poesía que non aporten os outros dous estados?

Os tres estados (sólido, líquido e gas) aparecen representados no poemario por tres estilos musicais, reflectindo á súa vez a conexión entre o pasado, o presente e o futuro. Supoño que por iso, e non deliberadamente, o estado gasoso toma máis presenza no conxunto do poemario. Ollar ao futuro é sempre preocupación, ilusión, esperanza e inqueda a un tempo, é decidir, moitas veces sen saber, outras sabendo o pouco que sabes e outras sabendo pouco do que sentes.

Recentemente acaba de ver a luz o teu último poemario titulado *Caleidoscopio* (3º premio de poesía Xosé Manuel Ardeiro). Que aporta este novo banzo literario á poética de Andrea Porto?

Ben, como xa anticipei en preguntas anteriores, neste poemario intentei saírme un pouco, mantendo o meu estilo e o que eu son, da liña seguida nos traballos anteriores.

Porén, penso que o máis característico é a fuxida da liña temporal, presentándose os poemas nun continuo ir e vir no tempo. Así, cada un deles toma como título o ángulo de xiro que correspondería ao lugar onde se detén o caleidoscopio co que xogamos a avanzar e retroceder construíndo mosaicos de vidro. A única referencia para reconstruír a experiencia é a propia

circunferencia da silueta do caleidoscopio, na que se dilúen comezo e final como síntese da relatividade do tempo.

Calquera que vexa este título e máxime para unha obra poética posibelmente parta da premisa de achar nela aquel dito tan universal de “todo depende da cor co cristal con que se mire”, non?

Si, hai unha dobre lectura. Por unha banda a que comentas, porque a situación aféctanos dun ou outro xeito segundo o noso estado de ánimo, as nosas circunstancias e o noso momento vital. Pero por outra, a propia situación constitúe unha panorámica de cores, un tecido particular que non se vai volver repetir, como cando xogas cun caleidoscopio.

Cantos espellos empregaches no teu caleidoscopio para poderes ollar as realidades -boas e non tan boas- que se enxergan? Porque á verdade esta nosa sociedade ten tantas realidades que son case imposíbeis de captar co caleidoscopio básico...

Claro, respondendo á primeira pregunta, penso que é preciso contar con ferramentas que nos permitan adaptarnos a cada momento, a sacar o maior proveito do que nos vai ocorrendo porque é así como poderemos non só vivir máis felices, senón optimizar as nosas experiencias e as situacións nas que nos imos vendo envoltos. Así, é importante que cada quen vaia construíndo o seu propio caleidoscopio para ollar a sociedade. As infinitas posibilidades que nos ofrece, segundo o ángulo de xiro, permitíranos comprender cada unha das realidades que conforman o noso entorno físico e social.

Realmente teremos que nos parar nas cores, nas diferentes texturas... ou seguiremos máis alá no que representan da realidade que aparecerá do outro lado?

Si e non. Teñen unha dobre connotación. Por unha banda, as cores e texturas permiten crear esas imaxes sinestésicas que tanto me gustan, pero ao mesmo tempo, a súa presenza vén dada pola relación que gardan coas situacións e experiencias descritas. Por exemplo, no primeiro poema, a convivencia da aspereza do secado da acuarela coa fría e suave luminosidade do vidro de cores, reflicte os sentimentos encontrados, a dualidade da situación, a creación de hábitats baixo o patchwork.

Ah, e falando de cores, ti mesma tes dito que pretendes que as luces de cores dese Caleidoscopio cheguen a todos os recovecos... De que cores habería que prescindir?

Obviamente, hai moitas cores que deberían desaparecer. Sen caer na demagogia deberían desaparecer do abano cromático a cor da hipocresía que alimenta as guerras, a fame e o lume do machismo que mata e maltrata física e psicolóxicamente. As fiestras de todos os fogares deberían tinguírse de vermello sen sangue, de laranxa do lume que quenta a cea, do amarelo das lámpadas de Aladino concedendo desexos e do verde da natureza virxe e libre de contaminación. Todas as fiestras deberían traernos a casa os azuis do ceo, que é o noso único límite, e do mar, berce e ponte. Cada fiestra debería ser vidro de lentes violetas para que dende cada casa traballemos cada día por un mundo máis xusto para todas, con máis luces de cores e menos tebras para as nosas fillas.

Dicía Shakespeare que “O home que non se alimenta dos seus soños, envellece axiña”. A túa poesía está máis que alimentada de soños, será para se manter viva e dar vida por moito que cambien -ou se combinen- as cores? E non podemos deixar aquí de amosar uns teus versos que din: “Cando soño // a milfollas é de chocolate // adobiada con areas de cores)

Si, esperemos que este gusto pola escrita e a literatura siga traéndome moitas satisfaccións aínda que o escenario de vidro vaia mudando. A literatura é a mellor ferramenta para soñar e soñar é a porta para conseguir outra realidade, para vivir outros mundos e para que as cousas sexan como soñamos. Se soño a modificación xenética da miña torta favorita pode que algún día mude. Soñando luces, disiparemos sombras.

A nosa lírica contemporánea está a vivir un momento doce, especialmente porque vemos como escriben as plumas nadas a fins do século pasado... que lle falta para dar ese forte chimplo que a universalice?

Gustárame ter a resposta a esta pregunta pero non a teño. Supoño que tempo. Sempre se di que o tempo pon a cada quen no seu lugar e pode ser que así sexa. As nosas letras están vivindo un momento doce, como dis, no que respecta á produción pero non será ata dentro de anos ou décadas que saibamos o impacto deste momento.

E para rematarmos, pode ser a rede como canle para a universalización da nosa lírica?

Eu entendo que si. A rede é unha ferramenta de gran utilidade para a difusión das creacións, sexa cal sexa a disciplina. Aínda que persoalmente non a emprego de xeito recorrente, supoño que porque me segue resultando máis cálido e humano o papel e bolígrafo en comparación co ordenador, entendo que as tecnoloxías son unha ferramenta para o futuro. No eido da literatura apenas conto con algunhas achegas en webs colectivas, mais como música si comezo a empregar as plataformas existentes para que se coñezan as miñas composicións en proxectos como “Lilabaila” ou a miña participación noutros grupos como The L’Adelines Garden ou a Banda de Gaitas do Concello de Forcarei.